

Cáritas acolle e acompaña aos máis vulnerables ou en risco de exclusión

Unha tenda de roupa, dous albergues, vivenda de transición, un punto de encontro, microhortas e cursos de formación laboral son algúns programas en Pontevedra

► TEXTO: REDACCIÓN
FOTOS: CÁRITAS PONTEVEDRA

Cáritas téñ como misión principal a acollida e acompañamento das persoas máis vulnerables, excluídas e descartada e promover a súa integración e participación na sociedade, así como tamén sensibilizar e implicar á poboación na denuncia das inxustizas. Esta primeira atención téñ lugar na parroquia, cunha acollida baseada na escoita activa, o respecto, a discreción, a valoración e o apoio. O acompañamento posterior debe partir sempre das fortalezas e capacidades da persoa, dos seus dereitos e da súa dignidade. «O noso apoio vai en función do que nos demande a persoa que atendemos. Inclúe dende alimentos, asesoramento, axudas económicas...» explica Conchi Vázquez, directora de Cáritas en Pontevedra.

En 2016, Cáritas (Eduardo Pondal, 22) abriu a tenda Arroupa (Eduardo Pondal, 22) con prendas de segunda man e restos de stock. Os roupeiros deron paso a esta iniciativa, que segundo Conchi Vázquez «dignifica a entrega social de roupa e calzado, pois é a propia persoa quen elixe as prendas que necesita. Ademais créase emprego para persoas en situación de exclusión social e foméntase a cultura da reutilización e o reciclado da roupa, apoiando así a sustentabilidade e o coidado do medio ambiente». Cáritas conta con colectores de roupa nas parroquias e noutros puntos.

Un dos problemas máis graves que teñen as persoas vulnerables é o acceso a unha vivenda ou ao pago dun aluguer. Cáritas ofrece a 'vivenda de transición', de carácter temporal e compartida, onde poden aloxarse varias familias. Está dotada de todo o necesario, contando con espazos privados e outros compartidos, como a cociña.

Outro proxecto son microhortas, que naceron en abril de 2014, para que familias en paro e con escasos recursos poidan cultivar unha pequena parcela. Son dez hortas, que están nun terreo ao lado do Mosteiro de Lérez (1.000 m2.) ce-



Imaxes dalgunhas das actividades e programas que desenvolve Cáritas en Pontevedra.

De qué forma poderían colaborar as empresas con Cáritas?

As empresas poden colaborar con esta ONG facilitando a incorporación ao mercado laboral das persoas atendidas en Cáritas, ofertando un posto de traballo ou a realización de prácticas laborais na empresa.

Tamén poden colaborar facendo doazóns en especie de roupa, mobles, equipamentos para o fogar, alimentos...

Outro xeito de colaborar con Cáritas é difundir as accións

e Campañas que Cáritas organiza ao longo do ano nas Redes Sociais e nos medios de comunicación das empresas: as web, a intranet ou revistas corporativas.

Asemade, poden colaborar economicamente nalgún proxecto concreto ou destinar fondos para calquera actividade de Cáritas.

Tamén poden facer aportacións económicas puntuais para emerxencias como catástrofes naturais e aportar persoal da empresa para a colaboración en temas concretos de publicidade, formación, contabilidade e novas tecnoloxías, por exemplo.

dido polo anterior párroco. Cada familia desbroza, cultiva, rega e abona a súa parcela e todo o recolectado é para o seu autoconsumo. Cáritas asume o custe da semente, ferramentas e demais

DURANTE TODO O ANO, CÁRITAS DESENVOLVE CAMPAÑAS QUE CONVIDAN A COÑECER OS DIFERENTES ROSTROS DA POBREZA

material. «O subarrendo é gratuito, por un período de dous anos prorrogables, deixando a parcela se a súa situación económica

mellorase. Contamos co asesoramento dun voluntario técnico, coñecedor das tarefas agrícolas», explica a directora.

Para facilitar o acceso ao traballo, Cáritas organiza cursos de formación laboral, co obxectivo de proporcionar coñecementos, preparación e experiencias ás persoas en situación de paro. Constan de parte teórica e práctica e ao seu remate obteñen un diploma de participación. «Entre outros levamos organizado cursos de Carretilleiro e Axudante de Cociña. O último foi o de Auxiliar de Axuda a Domicilio».

Preocupa tamén en Cáritas a situación das «persoas sen fogar». En 1992 abriron nun baixo na urbanización de Monte Porreiro o Albergue San Javier para Persoas sen Fogar, con servizo de cea, aseo persoal, lavandería, pernocta e almuerzo. En xuño abriu un novo Albergue, no edificio da propia sede de Cáritas Interparroquial (Joaquín Costa, 64) que oferta sete prazas para mulleres e 20 para homes. Son atendidos por unha traballadora social, persoal voluntario, cociñeira, axudante de limpeza e vixiantes. «Pretendemos ofrecer unha atención integral, facendo especial fincapé na creación de vínculos persoais que favorezan a reinserción e a participación na sociedade na que viven», explica Vázquez. Proxectan a apertura dun Centro de Atención Social Continuada, cuxas obras se iniciarán en breve no mesmo edificio. «Mentres, ofrecemos varias tardes á semana un espazo para tomar café e conversar, que chamamos Punto de Encontro».

Durante todo ano desenvolven Campañas de sensibilización e denuncia para coñecer os diferentes rostros da pobreza como o 'Día internacional contra a pobreza', a 'Campaña das Persoas sen Fogar' (último domingo de outubro) ou a Campaña de Nadal na que implican a centros escolares da contorna na recollida de alimentos non perecedeiros. Outras campañas puntuais son as de apoio a situacións internacionais de emerxencia, como a do terremoto en Siria e Turquía.

COMPROMISO SOCIAL

construccionesramirez.com



RAMÍREZ
CONSTRUCCIONES